

*Cando Loxa quedou soa e, consultada cos fillos ausentes, se trasladou da Virxe da Cerca á rúa dos Xasmins buscando un piso máis pequeno para ela soa, topouse cunha nova dimensión das noites de Compostela nada agradable, por certo.*

**11**

*Eran tempos anteriores ao botellón público de hoxe. Ata daquela, Loxa descoñecía os seus precedentes naquel ruído nocturno que golmaba do espazo doméstico privado e facía perigar o equilibrio emocional dos que arredor*

## **Noites de Compostela**

**Helena Villar Janeiro**

Contos de Agardar







Helena Villar Janeiro  
(Becerreá, Lugo, 1940)

Poeta, narradora, articulista de prensa e traductora. Presidenta de Fundación Rosalía de Castro e membro do Consello da Cultura Galega. É autora entre outras das obras: *Alalás* (1972), *O sangue na paisaxe* (1980), *Morrer en Vilaquinte* (1980), *No aló de nós* (1981), *Rosalía no espello* (1985), *O enterro da galiña de Domitila Roís* (1991), *Cabeleira de pedra* (1993), *Festa do corpo* (1994), *Álbum de fotos* (1999), *Nas hedras da clepsidra* (1999), *Delas* (1999), *Paseos literarios* (2000), *Belidadona* (2002), *Na praia dos lagartos* (2003) e *Femini-no plural* (2003).

© do texto: Helena Villar Janeiro

© da edición:



Asociación de Funcionarios  
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**Consello Editor:** Xosé Xoán Barreiro Prado  
Paz Filgueira Paz  
Luís M. García Mañá  
Xosé González Martínez  
Xoaquín Monteagudo Romero  
Benito Montero Prego  
Carme Pérez Vaquero  
Xosé M. Rodríguez—Abella  
Carlos Varela García

**Coordinación:** Xosé González Martínez  
Carme Pérez Vaquero

**Corrección de edición:** Fran Zabaleta

**Fotografía e deseño da colección:** Pío García

**Imprime:** Litonor

**Depósito legal:** C 2186—2007

**Edita:** Pío García Edicións



*A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.*

*A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.*

*A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.*

*Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.*

*Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-*

*ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.*

*Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.*

*A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.*

**Xoaquín Monteagudo Romero**

Presidente da Asociación de Funcionarios para a  
Normalización Lingüística de Galicia.







**11**

**Noites de Compostela**  
Helena Villar Janeiro



*Contos de Agardar*  
*Noites de Compostela*

Cando Loxa quedou soa e, consultada cos fillos ausentes, se trasladou da Virxe da Cerca á rúa dos Xasmíns buscando un piso máis pequeno para ela soa, topouse cunha nova dimensión das noites de Compostela nada agradable, por certo.

Eran tempos anteriores ao botellón público de hoxe. Ata daquela, Loxa descoñecía os seus precedentes naquel ruído nocturno que golmaba do espazo doméstico privado e facía perigar o equilibrio emocional dos que arredor querían durmir como é debido para iren acorreitos e descansados ao seu traballo matutino.

Na nova vivenda, dunha rúa á que non chegaran nin a luz pública nin o asfalto a pesar de estaren iniciados os anos oitenta e de quedar raiana coa zona monumental, e nun piso que aínda ulía a viruta e era moi apañado por todos os aspectos, os días resultaban rotinarios como os que viña de deixar na vella

rúa que bordea o mercado. Da casa ao traballo e do traballo á casa. A vida dunha persoa maior é así e así hai que tomala mentres dure. ¡Sequera lle deixaran a unha durmir!

Verbo das noites, iso xa era fariña doutro costal.

O edificio estaba constituído por trece apartamentos, a maioría ocupados por estudantes que facían das horas de descanso do próximo unha escapada ao comportamento máis incívico e desconsiderado.

E, aínda que non era igual toda a semana, ao conxunto chegáballe ben para facer do edificio un inferno insoportable.

12 A incomodidade sonora ía *in crescendo* ao longo dos sete días.

As noites dos domingos eran relativamente apacibles, case como as que transcorrían na casa que vira medrar os seus fillos. As dos luns xa estaban máis ou menos alteradas polas frecuentes descargas dunha cisterna a deshora e os trompazos das camas encartables que debían caer mesmo debaixo da súa. O rebumbio dos martes empezaba nun apartamento afastado da súa habitación e, se lograba calmarse a

*Contos de Agardar*  
*Noites de Compostela*

tempo, podía durmir dúas ou tres horas seguidas. Nas dos mércores xa se entrefebraban músicas varias e sons que lle resultaban inclasificables. En chegando o xoves, non había forma de prender no sono nin de conservar a calma. Os venres e os sábados acadaban unha certa normalidade propiciada pola ausencia da moita rapazada que volvía pasar a fin de semana a súa casa. Tampouco era allea a esta tranquilidade momentánea a tila con que os derradeiros días da semana procuraba asolar o corpo desde a media tarde, a ver se recuperaba o sono que traía arrastrado.

Xa digo que o clímax do barullo se consumaba os xoves, e de que maneira.

Daquela prendían en todo o edificio máis de oito focos de diversión descontrolada que parecía programada en estéreo e enchía a casa de sons de todo tipo e de acústicas variadas: música como de acea persistente, risadas escandalosas, cabreos desaforados, carreiras polos corredores, lanzamento de obxectos...

13

Descuberto o principal problema que, sen dúbida, presentaba a nova vivenda, Loxa procurou

arranxalo con remedios domésticos, tal como facía cos asuntos da saúde. Mercou uns tapóns de goma para os oídos e aprendeu a se relaxar cun método que lle descubriu unha compañeira de traballo coa que falou do asunto. Nas horas que non conseguía durmir rezou innumerables rosarios por todos os seus defuntos e xogou a compór palabras coas letras doutra e a buscar nomes que comezasen con todos os sons do abecedario, incluída a mudez do h.

Pero cando lle tiraron demasiado polo amén, un xoves saltou da cama, puxo unha bata e unhas zapatillas a xogo que tiña para unha ocasión e baixou a ver se dialogaba cos máis alborotadores.

14 Tardaron en lle abrir, quizabes porque a súa propia ruxida non lles deixaba oír o timbre da porta. Pero ela insistiu tanto, que finalmente saíu un rapaz cunha guitarra eléctrica na man.

—¡Por favor! —dixo ela, non de bos modos, por certo, que era un proceder ao que non estaba afeita—. ¿Vós sabedes que hora é?

—As dúas e media máis ou menos —respondeu el con descaro.

—Pois deixade durmir, que eu mañá teño que

traballar.

—¡Vaia! —dixeron dous que foran aparecendo por detrás—. Como se os demais non fixeramos nada. ¿Vostede cre que nós non traballamos?

—Non sei. Parecer non o parece, pero iso non é cousa miña. ¡Alá vós! O que vos veño dicir, se non é pedirvos moito, é que acabedes dunha vez con este ruído horroroso que tedes organizado e me deixedes durmir.

—¡Música, señora! —puntualizou moi ofendido o da guitarra, pechándolle a porta no nariz sen lle dar outra explicación.

Loxa quedou desconcertada. Non pensaba ter moito éxito pero aquel desprezo era moito. Agardou un chisco quieta no relanzo ata que comprobou que todo seguía igual. E, en vez de volver darlle o timbre, regresou convencida de que polas boas non se amaña case nada e preguntándose se aqueles rapaces de tan malos modos terían pais, se tratarían nalgún momento de os educar para a vida en común e se saberían como estaban a desenvolver a súa vida de adultos.

A segunda medida que tomou foi tramar unha especie de vinganza que lle pareceu exemplarizante. Cavilou en facer en por ela un barullo tan forte que apagase o dos demais, a sabendas de que sería inxusto o efecto desta vergoñenta acción na pouca veciñanza pacífica que a rodeaba. Deulle algo de arrepío comprobar que se estaba facendo mala persoa, pero non lle importou, tal era o punto a que a levaba aquel desespero.

16 Para iso pediríalle a un fillo unha cadea musical de gran potencia. Chamouno para llo consultar e a el pareceulle unha burrada e intentou disuadila. Como non a puido convencer de que esa troula só a conduciría a cabrealá consigo mesma, tróuxolle o aparello cos discos que ela lle indicou, case todos de ópera e de zarzuela, que lle parecía molestarían máis. E desexoulle sorte dándolle un bico.

O xoves seguinte ao do diálogo frustrado, puxo a voz da súa casa a todo volume a iso da unha da madrugada, dándolle unha hora ao experimento. E non pasou nada que non fose empeorar a súa incomodidade. Desenchufou todo aquilo e quedou peor. Que o armase ela mesma non lle quitou virulencia a un



ataque sonoro que lle fixo doer a cabeza máis que as outras veces, pois, canda o ruído, percibía remorsos de conciencia por ser igual que os malos daquela historia. Verbo dos demais, non pareceron afectados no máis mínimo e continuaron coa xoldra ata as tantas, como sempre. Non é de estrañar que maldecise unha idea que, xa en frío, lle pareceu talmente descamiñada.

Chamou o fillo para que viñese buscar a cadea e el aconselloulle que o mellor que podía facer era chamar a policía, que para iso está, para garantir a orde e procurar que se corrixan as cousas que van contra as boas prácticas. Se non se atrevía, viña el mesmo o xoves á noite para chamalos.

A Loxa non lle pareceu mala idea, aínda que se sentiu molesta porque o fillo parecía considerala xa unha inútil perante a vida. Ela, que fora capaz de sacalos adiante, de facer xestións públicas e de tomar tantas decisións, era moi quen de falar coa policía e con calquera. Así llo fixo saber e discutiron un pouco por mor desta consideración. El deulle un bico e pediulle desculpas polo mal entendido, pero tamén deixou moi claro que chamar as forzas da orde sempre ten algo daquél e que hai que facelo con serenidade, educación

e comedimento.

Loxa seguiulle o consello. ¿Como non se lle decatara antes? Os policíaos son serviciais e páganlles para atender os problemas da xente de ben. Seguro que esta era a solución ideal para un problema que cada vez lle parecía máis complicado.

E o xoves buscou xa de tarde o número de teléfono. Chegada a hora, chamou a policía nacional. Alí recomendáronlle que recorrese aos municipais, que estaban máis para estes asuntos e Loxa repetiu o procedemento co número que lle indicaron eles mesmos.

Atendeuna un home, que era novo pola voz e atento polo trato.

18           Pediulle que se identificase polo carné, que dixese desde onde chamaba (rúa, número, piso e porta), que expuxese brevemente as razóns daquela petición.

Cando lle fixo saber que a súa era unha queixa polo ruído insoportable duns estudantes do edificio, o policía prometeulle que irían tan pronto como puidesen. Que quedaba apuntada na lista das moitas persoas que andaban a pedirllas que as acudisen no mesmo. Que era noite de xoves e que xa sabía ela o que pasa-

ba en tal circunstancia nunha cidade como Santiago.  
¡Como non o ía saber!

Non tería pasado media hora cando os policíaas chamaron ao timbre do portal. Ela baixoulles abrir e subiron os tres dereitiños ao piso de autos.

Respiraron un momento, deron un timbrazo e fíxose o silencio pero ninguén abriu a porta. Os policíaas dixeron que quizabes recoñecera a chamada, que xa estarían experimentados doutros pisos. Que aquel silencio era unha estratexia para ver se marchaban. Por iso agardaron con paciencia cinco minutos, que foi o que tardou en reaparecer o balbordo. Daquela déronlle ao timbre ininterrompidamente ata que saíu outravolva o da guitarra na man.

—Están vostedes facendo un ruído horroroso  
—díxolles o policía que falara con Loxa por teléfono,  
procurando gardar as formas.

—Música, señor, se non lle importa —respondeu ofendido o guitarrista, que parecía ter moita autoestima como executante—. ¡Que manía teñen con lle chamar ruído a isto! O que nós facemos é música, pura música. Somos profesionais de vodas e bautizos e non temos outra hora para ensaiar. Se insisten en lle

chamar ruído ao noso traballo, tanto vostedes como esta señora, que xa veu falar connosco polo mesmo tema e con parecidas palabras, podemos poñerlles unha querela. E non sería a primeira vez.

—Ben —indicou o outro axente, vendo de terciar—. Vostedes paren con esta música que fan, ou o que sexa, e deixen durmir a veciñanza. A xente normal ten que traballar mañá a primeira hora.

—¿Quen é a xente normal para vostede? —preguntou un que asomou o nariz por unha porta interior.

—Os que se deitan a partir das doce da noite e permiten que durman os que teñen que ir ao traballo —dixo o axente máis novo—. A maioría deles empezan á mañá cedo.

20

—Nós tamén imos ao traballo, señor. Xa llo explicamos a esta muller o outro día. Pero debe ter un oído tan fino que non dá durmido se non é cun silencio de cemiterio. Aínda queda moita noite para durmirmos todos.

—Non imos discutir aquí esa parvada. Paren todo isto e non nos fagan volver, que non temos ningún interese en facer unha denuncia para ventilar todo isto noutro lado.

*Contos de Agardar*  
*Noites de Compostela*

—Se nos toman o pelo demais —afondou o outro—, non respondemos. E a ver se convencen vos-  
tedes ao xuíz sobre a utilidade dese cambio de hora á  
que ha durmir a xente.

Os policíaos deron as costas e os rapaces pecha-  
ron a porta esbarafundando. Loxa acompañounos ata  
o portal moi agradecida. A noite continuou sen inci-  
dentes.

Aos dous días, os rapaces estaban recollendo  
as cousas e baixándoas en caixas para un coche mal  
aparcado alí enfronte. E á semana seguinte había no  
portal un letreiriño de “Alégase” en referencia a aque-  
la vivenda.

O dono convocou a comunidade para dar as  
queixas de que Loxa viña con moitos fumes e que lle  
botara fóra a uns inquilinos exemplares que lle bus-  
cara un parente. Na xuntanza pediulle que non o me-  
tese en máis problemas cos que viñesen de novo, se é  
que chegaban, que a sona dos veciños queixicas corre  
como a pólvora e a ver que ía pasar. E que el tiña que  
pagar a hipoteca daquel piso ao que chegara con tanto  
esforzo e agora quedaba baleiro.

Loxa deuse picada co paisano e deixaron de

falarse. Pero quedou marabillada da eficacia das forzas de seguridade cando toman a axuda tan en serio. Mesmo querería facer constancia da súa gratitude, pero quen sabe se tomarían a mal un pequeno agasallo. Así que non fixo nada por non os ter a mal se volvía precisalos.

A todo isto, quedaba cerca a Ascensión. E xa se sabe en Santiago que, en chegando esta festa, aproxímanse os exames e os pisos van quedando baleiros e tranquilos ata o curso que ven.

22 Loxa puido durmir como é debido todo o verán, preocupada soamente pola calor daquel ático, agora pacífico e encantador. Se algunha noite se desvelaba por outra preocupación, que nunca faltan, aproveitaba a vixilia para rezarlles aos santiños da súa devoción, maiormente a Santa Rita, a avogosa do imposible, pedindo que o próximo curso houbera mellor sorte co inquieto para non ter que andar con aquelas medidas e requilorios tan desagradables e pouco sans.

E, como lles pasa ás persoas que se van facendo maiores, comprobou que o verán xa corre moito e

que axiña chega a época de alugar.

Houbo sorte e na maioría dos apartamentos asentáronse parellas sen fillos dándolle á convivencia un nivel moi aceptable. Neste lapsus de tempo sentiuse moi contenta de ser ter mudado para aquela zona e para aquel pisiño tan doado de coidar.

Pero a felicidade durou pouco porque o problema veuse a instalar no edificio do lado, demostrando que as casas novas parecen separadas de arriba a abaixo por un cartón de canto recuberto de argamasa. Só iso explicaría que, dalgún xeito, Loxa revivise os mesmos fenómenos coa mesma distribución semanal. E idénticas carreiras, músicas e ruídos, maiormente na vivenda que lle quedaba pegada.

23

Coa paciencia de descifrar todas voces que entraban naquelas conversas venteadas ao público, chegou a distinguir doce nunha vivenda que, como moito, podería dar acubillo a catro persoas.

Despois descubriu que había un nome que se oía con frecuencia. Marta aquí e Marta acolá. Incluso a viñan chamar, por equivocación, ao seu porteiro automático. E Loxa, pouco vingativa a pesar de todo, informaba de que Marta era na casa do lado.

Cando os fillos a viñan ver ou a chamaban interesándose por como lle ía de noite e se durmía ben, ela contáballes que o procuraba pero que estaba martelada por aqueles veciños, homes e mulleres que vivían amontoados na casa do lado. E que unha tal Marta debía traelos a todos mangoneados porque non facían máis que chamala os de dentro e os de fóra.

Cocida pola experiencia do ano anterior, termou do xenio todo canto puido. E foi tirando así ata os mediados de decembro, nunha noite en que eles ordenaron de facer a festa de despedida do Nadal, que resultou do máis rachado.

24      Daquela decidiuse a volver chamar a policía. Estaba tan convencida da súa eficacia que deu por feito que en media hora aquel horror non sería máis que o recordo dun pesadelo e ela podería deitarse e prender no sono. E, cunha pouca sorte, a rapazada barulleira tomaría a mesma determinación dos da guitarra: irse co ruído a outra parte.

Tivo mesmo un momento de dúbida, pero entre o enfado dos propietarios dos pisos que se consideraban prexudicados, e a ruxida que non a deixaba descansar e a desequilibraba tanto, elixiu o primeiro



como mal moi menor. E descolgou o teléfono.

O axente que recibiu a chamada, que ela xuraría que era o mesmo que da outra vez, volveu facerlle as mesmas preguntas, pónndo moito interese en se cerciorar de se o barullo era no mesmo edificio ou no do lado.

—Desta vez é no do lado —indicou Loxa.

—Xa.

—Pero amola tanto ou máis que cando acontece aquí mesmo. Por iso os chamo, que non é por molestalos nin para que perdan o tempo, que ben sei que non están só para me atender a min.

—Xa sei, señora —engadiu el moi atento—. Pero neste caso temos un problema gordo que non imos poder arranxar.

—¿Que problema, señor? —preguntou ela incrédula perante a idea de que a policía tivera algún problema para un caso así.

—Que non nos van abrir o portal. Vostede non terá a chave, digo eu.

—Non, claro que non.

—Pois estámoslle ben... Non podemos facer nada.

Loxa quedou aleuta. Nunca pensou que á policía non se lle abrise a porta cando ela o demandaba con toda a súa autoridade. E así llo fixo saber ao axente que seguía no teléfono.

—¿Como non lles van abrir a porta, señor? Díganlles vostedes quen son e eles abren de contado.

—Anda vostede moi trabucada verbo disto. ¡Non o saberemos nós! Sempre que non coincide a casa dos infractores coa dos denunciante, non nos abren o portal e non hai maneira de ir chamarlles a atención ao piso. Que llo digo eu.

Loxa non daba creto ao que estaba a escoitar.

26 —¿Non temos logo nada que facer? ¿Teñen logo dereito que os siga aguantando isto como se non existisen vostedes?

—Poderíamos ir, pero como é perder o tempo será mellor que atendamos outros casos que nos están agardando e nos que podemos actuar.

—¿E eu que fago se me fallan vostedes? —inquiriu ela ao borde da desesperación.

—Nada. Á chegada do día xa se dispersan. De todos os xeitos, se se lle ocorre algunha idea que nos poida axudar...

*Contos de Agardar*  
*Noites de Compostela*

—Non sei. A ver. Graciñas así e todo.

Aínda non fixera amago de se volver á cama cando chamaron ao telefoniño do portal. Ela foi responder, que nunca se sabe o que pode pasar de noite cando chaman. Pode ser unha mala noticia persoal ou alguén necesitado de axuda.

—¿Está Marta? —preguntou unha voz masculina, que parecía estar xa un tanto colocada.

—Marta é aí ao lado. Dille da miña parte que a ver se pode amainar a ruxida que están facendo que estou a punto de me volver tola.

E daquela véuselle á cabeza unha idea que quixo compartir coa policía, por se lles servía de algo para esa noite e para a súa profesión, que é ben dura por certo.

27

—Son a veciña da rúa dos Xasmíns, a que chamou antes polo ruído que están facendo na casa do lado.

—Si, si. Díganos.

—Acabo de ter unha idea.

—Vostede dirá.

—Achéguese ao portal do número que lles dei e pregunten por Marta. Díganlle que veñen para

a festa, que está entrando alí medio Santiago. Se lles din que xa non caben máis, fáganlles saber que traen bocareos en vinagre e un albariño de colleita propia do Salnés. Así faranlles sitio.

—¿E el di? —preguntou o policía, tomándoa de coña.

—Si, si. Creo que vai dar resultado.

—Non sei que concepto ten vostede da policía, señora. Pero nós non andamos facendo o parvo polos pisos nin enganando a ninguén con estupideces como a que acaba de me propór.

—Fáganme caso e non se ofendan. Se resulta, serviralles para resolver máis problemas deste tipo, que ben me recoñeceron que os teñen.

28

—Con todos os respectos, señora. Non nos tome o pelo e trate de calmarse. Mañá fale coa asociación de veciños e dea as queixas oportunas a quen proceda.

—Non se ofendan, por favor —pediulles ela, que non quería quedar mal.

Do outro lado colgáronlle o teléfono e Loxa volveu para a cama a dixerir como puidese o ruído. E sobre todo o fracaso.

*Contos de Agardar*  
*Noites de Compostela*

Non chegou a saber se os encargados da orde lle deran tino ou non, salvadas as aparencias.

Porque se amostraran cabreados, pero á media hora daquela conversa fíxose un silencio que, en contraste coa batifoula anterior, case resultaba esta-recente.

E aos tres días había no portal un letreiriño indicando o aluguer daquel piso.

Iso si. Este dono nunca lle deu as queixas.



## DEREITOS LINGÜÍSTICOS

**Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.**

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.**

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.**

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

**No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.**

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

**No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.**

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

**Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”**

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

*Contos de agardar*  
é unha colección que pretende achegar ao lector  
unha escolma de autores de relato galego,  
dentro da campaña de normalización lingüística  
“En galego, con toda seguridade”.  
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego  
nas relacións dos  
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios  
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Consellería de Presidencia  
Policía Autónoma